

A FIESTRA
do
ILLA
CURSO
07~08

TIÑAMOS OUTRAS PORTADAS

A FIESTRA DO ILLA



EMPEZAR
PERSEGUIR UNHA META
SALTAR OS OBSTÁCULOS
CONSEGUILA



CURSO 2007/2008


07-08
a fiestra
do
illa


A fiestra do Illa
Curso 2007/08


A FIESTRA DO ILLA
2008

"Ollando pola fiestra"

Alá vai outro ano máis no que houbo múltiples acontecementos e anécdotas … ata nos voou o tellado!. Desde estas páxinas, con palabras e imaxes vai a nosa impresión deste curso que remata.

Nesta revista achegamos entre todos a nosa contribución e pegada a través da nosa lingua, intentando poñer un gran na súa normalización e espallamento. É a nosa responsabilidade e compromiso manter viva a herdanza cultural que nos identifica como pobo.

O noso agradecemento polas colaboracións recibidas, que fan posible a existencia desta publicación.

Aproveitamos a ocasión para despedirnos de todos/as os/as que nos deixan: profesorado e alumnado. Aquí remata unha etapa das súas vidas, pero este só foi un camiño polo que pasaron e agora ábrense outros moitos. É a hora de escoller e seguir adiante: SORTE!





Andrea Otero (3º B)

UNHA CARREIRA PARA CHEGAR O MÁIS LONXE POSIBLE

En outubro e novembro, os titores entraban ás clases para organizar a Carreira Solidaria.

Sorpresa, preguntas, curiosidade entre os mozos: "Correr para outros nenos?", "Como pode o noso esforzo axudar aos nenos pobres?", "Vou correr moito?", "Aguantarei moitos quilómetros?"

Aos poucos, a información foinos aclarando as ideas.

O primeiro, era saber que o noso esforzo podía axudar a outros. A idea non é só pedir diñeiro aos pais para dalo aos nenos máis necesitados. O noso esforzo estaba no medio: tanto máis cada un de nós correse, máis diñeiro sedaba.

Pero o esforzo non estaba só en correr, senón tamén en buscar patrocinadores: é dicir cada un de nós debía de facer de axente transmisor, sensibilizando a pais, avós, tíos desa realidade dos nenos e nenas do Congo. Así que canto máis información tiñamos, mellor podiamos convencer a outros.

O segundo, o para que. Moitos nenos e nenas do mundo viven no medio de guerras, nun clima de violencia, ata separados das súas familias e con moita fame e miseria: non se poden vacinar, nin teñen auga potable nin os alimentos necesarios. A estes nenos e nenas da República Democrática do Congo ía destinado o noso esforzo.

O terceiro, a través de quen. Sabiamos que Manoli, a Orientadora do Instituto estaba organizando todo isto con moito entusiasmo. Pero tamén nos soaba



algo en inglés: "Save the children". Logo soubemos que "SAVE THE CHILDREN" é unha ONG para o desenvolvemento que loita por un mundo máis xusto para os nenos e as nenas. Que traballa en moitos países e que fai de ponte entre persoas dunha parte do mundo e doutras.

Con toda esta información, o día da carreira chegou. A Alameda de

Redondela estaba precintada, marcando o circuíto por onde debiamos correr. O inicio e a meta estaban indicados por un inflable. A cada un repartíuselle un peto ¡e comezou a carreira! Xa cada un tiña os seus patrocinadores buscados entre avós, pais, tíos e veciños. Xa cada un negociara un pago: 0,50 euros por quilómetro. Os máis xenerosos 1 euro. O demais dependía de nós. Os xerseis e sudadeiras fóronse acumulando nos brazos dalgún que outro profesor que estaba ao longo do circuíto. ¡Tres quilómetros! Dise pronto, pero correlos... ¡miña nai! Si que nos custou.

Ao final do percorrido, tres agasallos: o máis inmediato un bote de zume e un bocadillo para repór forzas. Días despois chegounos o segundo: un recoñecemento por parte de "Save the children". O terceiro aínda está no noso corazón: sabemos que, na distancia, o noso esforzo chega lonxe, moi lonxe, ata arrincar un sorriso no rostro moreno dalgún neno do Congo.





Algún dos profesores tamén sudaron a "*ghota ghorda*"

MAGOSTO E REPOSTARÍA

PRESENTAMOS UNHA SELECCIÓN DE FOTOS DOS MELLORES POSTRES QUE SE PRESENTAN AO CONCURSO DE REPOSTERÍA DO IES E TAMÉN A DOS RAPACES DE 4º QUE CON TANTO EMPEÑO PREPARAN TODO PARA QUE DISFRUTEMOS DO MAGOSTO.
















2ºD








ENTROIDO 2008









O ARCO IRIS

O arco iris en Ceo Azul quere
sete cores con vida
ou o perfume contra malos recordos
que debilitan algunhas miradas olvidadas.

O arco iris en Ceo Azul busca
no infinito universo
admirando ata o fin
estrelas en harmonía pintada.

O arco iris nace e alguén o descobre sobre un berce
pois aquí nunca ve desamparo senón protección segura.
Con dozura os caramelos sen envolturas brillantes
atraen e hipnotizan endemoniadas caries.

As fadas que voan coñecen o seu segredo
aínda que xamais desvelarán misterio ou tesouro enterrado;
revelan se cren coa alma en descendentes ou similares,
tralas palabras con sentimentos, tras sentimentos con lealdade.

Esa oscuridade está encerrada con estrelas e ilusións
por humilde desafío dende mal para ben.
Nas estrelas viven luces que sorprenden alegres
tanto apenas iluminadas na noite con negro.

Carla Pérez Castro (2º D)

O NENO DE BOS AIRES

O neno de Bos aires é

coma un diamante en bruto,
pois a liberdade en remotas terras
xa atraen un corazón nobre.

O sendeiro de pedra recorda,
co seu vello hórreo
chantado no medio,
lindo entre ferranchos vellos.

O neno quere, pero quén lle di de boa maneira
que onde non hai flores, menos palabras puras.
Con decisión, os homes sen angustias rudas,
rompen e quitan entusiastas ilusións.

O último cre estar no primeiro posto
pois alí hai soños que realmente son increíbles,
volar e bailar ao son de gaitas e pandeiros
na imaxinación de fantasía do gran neno de Bos Aires.

O crío é afortunado por deuses máis espíritos
por formidable imaxinación sobrenatural en vida.
Nas rúas haberá homes e vagarán mulleres
que quedarán cautivos pola madurez do rapaz.

Sara Pintos (2º D)



UN RAIO EN BOS AIRES

Un raio en Bos Aires trae
cinco espadas para guerreiros
e unha oleada con malas fantasmas
mentres crean as guerras malvadas.

Un raio en Bos Aires chora
polos escuros rincóns
esperando baixo as árbores,
mensaxes con alegría reflectida.

Un raio ven, pero alguén o espera para a súa morte
aínda que alí si existe amor e alegría real.
Sempre unhas estrelas entre luces brillantes
iluminan, pero mostran pobres lugares.

Dous amigos cando corren, comproban segundo as mensaxes,
que si terán paz e tranquilidade verdadeiras,
cren, e veñen do ceo con anxos e diablos,
dunhas vilas con xentes, de cidades con leis.

A lúa está escondida baixo pesadelos e pedras
de forte terror e soños de tristeza.
Pola cidade pasean mulleres, e falan soas,
que estarán acollidas pola noite ás escuras.

O MAR

O mar en Venecia leva
dúas góndolas en liña
e unha barca con alegres turistas
mentres admiran aos peixes coloridos.

O mar en Venecia ten
ás impacientes persoas
agardando nos portos
góndolas con alegría espontánea.

O mar sube pero alguén o agarda pola ribeira
porque así se se atopan animais e obxectos preciosos.
Sempre unhas luces ante miradas penetrantes
brillan e iluminan escuras augas.

As persoas que navegan senten no seu interior
que si verán milagres e sereas enmeigadas;
pensan e falan do lugar con tabeirón e golfiños,
duns portos con mariñeiros, de mares con arrecifes.

Un pez está agochado baixo ondas e algas
de gran espesor con medo a saír.
Cuns cangrexos van estrelas que flotan perdidas
que estarán atrapadas polo barco con redes.

María Míguez (2º D)

BELA FLOR

Unha mañá en Bela Flor mira
cinco bandeiras de ceo
e seis enxames de feas abellas
que sobrevoan as plantas murchas.

Unha mañá en Bela Flor chora
entre as grandiosas esculturas
mirando polas columnas
flores de beleza admirada.

Unha mañá márchase e ela despídea no seu leito
porque aí non haberá beleza nin admiración ocultas.
Sempre as tormentas en conxuntos enormes
absorben e destrúen marabillosos ruídos .

Os últimos que entran entenden coas súas mentes
que non verán abrazos nin sorrisos agradables,
oen que irán ao leito de descansos e bicos ,
aos soños sen noite , á lúa sen brillo.

A flor é agarrada por adultos e nenos
en obstinado xesto de fala sen principios .
Polos ceos van nubes que flotan durmidas
como agora rematadas nun descanso de morte.

Mariña Táboas Otero (2º D)



RELATOS PREMIADOS NO IX CONCURSO LITERARIO

1º PREMIO

¿Que queres ser ti de maior?

Un día como outros tantos, Simón, medio esperto medio durmido, ía paseando de camiño ó colexio. O seu día non se presentaba moi ben, nada máis chegar a clase control de matemáticas, xusto antes do recreo o seu profesor de coñecemento preguntaríalle toda a materia dada ata o momento.

O día foi mellorando a medida que Simón ía espertando xa que, no control de matemáticas entrou pouco máis do que el sabía con certeza, o profesor de coñecemento elixira a outro rapaz que non paraba de falar. Pero ese día interminable para Simón aínda non rematara, a profesora de lingua castelá propuxo un traballo ben sinxelo, de dúas páxinas aproximadamente sobre: "¿qué queres ser ti de maior?".Simón quedou sen pestanexar durante un bo rato mirando cara o branco papel, ¡nunca pensara que quería ser de maior! O traballo que en principio era para facer na clase rematou por ser tarefa para o próximo día de clase.

De volta para a súa casa Simón non podía parar de pensar no traballo de lingua castelá. A dicir verdade unha veciña súa todolos días lle dicía cando pasaba por diante da súa casa: *ti tes que estudiar matemáticas para poder chegar a ocupar o posto do meu home cando se xubile de ser banqueiro,* pero Simón aborrecía as matemáticas. Pola contra o quiosqueiro ao que sempre vai cuns amigos a mercar chicles e algúns cromos sempre falaba cos seus irmáns de que o mellor emprego do futuro sería enxeñeiro de telecomunicacións, pero case non sabía dicilo ía saber facelo. Polo que ningún deses empregos lle gustaba tanto como para adicarse a el toda a vida, nin moito menos. O chegar a casa deixou a mochila e, na comida, preguntoulle aos seus pais cómo decidiron o seu emprego actual. O seu pai quedou mirando con cara de incertidume, xa que non sabía a que viña esa pregunta. A súa nai comezou cunha voz moi calmada: *pois eu non soportaba as inxustizas que percibía nas noticias tanto do xornal coma da televisión, e como os estudos dábanseme ben decidín defender a tódolos cidadáns que o necesitasen*. Isto era unha boa razón para facerse avogado, pero no momento no que a súa nai mencionou os estudos non lle fixo moita graza, porque el tería que estudar moito, pero tampouco hai que pasarse. O seu pai continuou coa conversa: *a min pola contra gustábame cociñar coa miña nai nos días fríos e de choiva que transcorrían no longo inverno, polo que a idea de abrir un restaurante rondoume durante moito tempo pola cabeza*. Non estaría mal ter un negocio propio, pero non era capaz de realizar os pratos máis sinxelos, que xa se lle queimaban, e os bocatas non son moi bos pratos para un restaurante. Aínda que os relatos dos seus pais foron de gran interese para Simón, non lle despexaron a mente para poder escribir o "dichoso" traballo. Cando o día seguinte falou cos seus amigos no recreo, estes xa tiñan claro o seu oficio para o futuro, e aínda que moitos eran moi extravagantes e subrealistas tales coma: espía segredo, bombeiro,presidente do país ou incluso superheroes(algúns rapaces moi imaxinativos) outros eran moi bos. O seu mellor amigo, Alberte, comezou a dicirlle oficios para axudalo a atopar algún: *policía, demasiado perigoso;ladrón, aínda máis perigoso;*

toreiro, demasiada brutalidade, pobres animaliños os touros; desenfeluxador, demasiado pó para unha alerxía como a miña;astronauta, os viaxes son demasiado longos;mestre, non me gusta ser alumno vou querer ser mestre;médico, non podo nin ver o sangue; militar, non me gusta a guerra; deportista, non me decido con oficios agora vou buscar un deporte que se me dea moi ben;camareiro, non teño moi bo equilibrio; xornalista, se non son capaz nin de facer unha redacción sobre o que quero ser de maior; xinete, unha vez un cabalo tiroume ao chan; xardineiro, que son alérxico, xa cho dixen antes;inventor, non teño tanta imaxinación coma para inventar algo útil…proseguiron así durante todo o recreo, ata o mesmo momento no que tocou a campá,pero Simón non parou de pórlle defectos a cada un dos oficicios que lle propuña o seu paciente amigo.

Simón xa farto de escoitar oficios para a súa futura vida, ponse no escritorio a preparar o tan coñecido traballo. O primeiro que se lle pasa pola cabeza é: *son un rapaz de oito anos como queren que o saiba, gustaríame ser moitas cousas pero aínda non sei cal é a máis adecuada para min, non sei como será a miña vida cando busque o meu primero emprego, nin que vou ser.*

Tras rematar este decisivo e profundo pensamento, nin o dubidou comezou a escribir palabra por palabra o que quería ser de maior.

Non vos vou contar como era esa redacción, o que si vos podo contar é tal e como remataba esta redacción importante: *en difinitiva eu de maior teño ben claro que quero continuar sendo eu.* E non lle debeu ir mal porque volveu a casa cun oito.

Carla Pérez Castro (2º D)



2º PREMIO

"PASEO BAIXO AS ONDAS"

Son un peixe. Pode que vos pareza raro que un peixe conte unha historia, pero penso que vos vai servir para reflexionar.
Vouvos relatar o que me pasou o primeiro día que puiden nadar só, sen protección por parte de meus pais. Estaba ledo, aínda que tamén tiña medo, non só polas quenllas, polas medusas, polos pescadores... senón tamén porque non sabía cales eran os perigos que podía atopar no océano.
Ese día ía nadando por uns escollos que hai preto do lugar onde vivo. Pensei en dar un paseo e chegar ata a costa, pasando pola ría e aproveitando que a auga non estaba moi fría. Mentres ía admirando a beleza dos escollos, o seu colorido e as súas formas caprichosas, atopei uns obxectos de color marrón escuro, vellos, desgastados, pero recoñecín o que eran: ás veces, ao subir á superficie, vexo ás persoas con iso nos pés. Creo que lle chaman… "botas" ou algo así.
Seguín nadando cara a ría e, cando por fin entrei nela, mirei uns mexillóns moi pálidos que parecían estar enfermos. Achegueime e pregunteilles:
- ¿Que vos pasa? Non tedes bo aspecto.
- Pois xa ves: Fíxate en todas esas industrias que rodean a ría. Todos os seus vertidos veñen parar ao mar. Nós, como somos filtradores, é dicir, que nos alimentamos das substancias que hai mesturadas na auga, chupamos toda esa contaminación. E, debido a iso, non medramos, non engordamos e non temos forzas para nada –respondeume un. Os demais mexillóns que estaban pendurados da mesma batea asentiron, deixando escapar un xemido tristeiro.
- Animádevos, xa miraredes como isto é un despiste dalgún humano e o resolven de inmediato. Ben, eu voume aproximar á costa, a ver que atopo por alí.
- Vai, vai -díxome o mexillón- xa te decatarás do que os homes son capaces de facer.
Despois daquel encontro pensei que, se aquilo era o que había na ría e o mexillón tiña razón, ¿que habería na costa? Pois calquera sabe. Pero o que mirei sorprendeume moito, pois nunca pensei que os humanos poderían chegar a tirar tal desfeita no mar.
Ben, pois continuaba a miña viaxe cando vin algo brillante flotando na superficie. Achegueime a ese obxecto de cor branco e de forma irregular, que era transportado polas ondas ao seu antollo. ¡Unha bolsa de plástico! Case enredo alí as aletas. Botei a nadar con toda a forza que podía, escapando do perigo que supuña a bolsa. Mirei un banco de sardiñas que viñan nadando cara alí. Aviseinas.
-¡Amigas sardiñas!¡Coidado! Aquí hai unha bolsa de plástico. ¡Afastádevos!
Marchamos todos xuntos coma alma que leva o demo, non fose ser que por unha corrente que viñese cara a nós quedásemos alí enganchados. Tódolos peixes saben que as bolsas son moi perigosas: Como te enredes nelas… ¡A ver quen te saca! E o peor é que o mar está cheo delas.
Despois de esquivala, achegueime a un pequeno porto. Os barcos abaneábanse nas ondas tranquilamente e moita xente paseaba polo

embarcadoiro. Respirábase unha tranquilidade total. Eu pensaba: "estes homes e mulleres que pasean observando a beleza da paisaxe non poden ser os que a escarallan". Moi ledo, mergulleime cando de súpeto mirei pasar algo ao meu carón. Fun ata o fondo seguindo aquel obxecto cilíndrico de cor vermella. Cando se pousou puiden ler o que estaba escrito en grandes letras brancas: Co-ca-Co-la. ¡Cacho porcallada!

Despois disto, decidín volver para casa. Xa saíra da ría e estaba outra vez no océano cando atopei unhas manchas negras de forma redondeada, grandes, pequenas... Pero non estaban alí sen moverse, senón que ían chegando máis e as que xa estaban arriba movíanse para deixar oco ás outras que ían aparecendo e, polo tanto, esta masa de manchas íase expandindo. Non entendía por que había tantas. Mergulleime. Mirábaas subir. Decidín seguir esa pegada con forma dunha especie de río irregular e descubrir de onde viñan. Seguín baixando. Ese río negro parecía non terminarse nunca. Por fin cheguei á súa orixe: un barco afundido tiña un buraco e del saía ese río de cor carbón. Achegueime e, de repente, saíu unha bola enorme. Pilloume despistado e taponoume as branquias. Non podía respirar. De súpeto, mirei un grupo de algas e fun cara a elas para rascarme e, pouco a pouco, esa substancia viscosa foi desaparecendo do meu corpo. Xa podía respirar. O barco seguía soltando incansable aquela substancia mortal para os peixes, as aves, as algas…



Con moito coidado, marchei cara á miña casa. ¡Que día levaba! Entre a bolsa, aquel obxecto cilíndrico e as manchas viscosas, correra tantos perigos que podía estar moi ledo de seguir vivo e coleando. Camiño aos escollos, púxenme a pensar. Non entendo por que todo o lixo e toda a contaminación ten que vir parar ao mar, ás nosas casas. Seguro que aos humanos non lles gustaría que nós, os peixes e outros animais mariños, nos dedicásemos a coller os nosos desperdicios e tirárllelos dentro das súas casas, dos seus fogares. É unha actitude que non ten sentido. Nós somos o seu alimento e, cando van á praia, queren que a auga estea limpa. Cando pasean preto do mar ou van de cruceiro adoran as augas cristalinas e o arrecendo a mar e a sal.

Se está nas súas mans, ¿por que non o coidan? Estes homes... ¡que irresponsables son!

Ana Ferreira Reguera (1º B)

3º PREMIO

"REFLEXIÓNS DUNHA ADOLESCENTE"

Ola!. Chámome Sara e teño a desgrazada idade de trece anos, a idade na que todos os nenos se volven tolos, a idade da "tontería". Esta etapa para nós, os adolescentes, é moi dura; e para min persoalmente é un "incordio", pois paso todo o día illada do mundo que me rodea, sen falar con ninguén, coma se fose unha presa no cárcere. Día e noite non fago máis que dúas cousas: as tarefas escolares e estudar. Cando, desde algunha fiestra da miña casa, vexo aos nenos xogando e brincando, bótome a chorar coma unha parva, porque me gustaría estar no seu lugar; pero para acadar a miña meta (ir á universidade e facer unha carreira superior que me axude a manter á miña familia), teño que esforzarme.

Cada vez que baixo á vila teño á miña nai pegada a min coma unha lapa. Parezo a Presidenta dos Estados Unidos, protexida por un servizo de seguridade. Neste caso, eu teño dúas gardacostas: a miña nai e máis.... a que non o adiviñades?... pois a miña irmá, unha "rata" de tan só cinco anos que é unha lareteira e que non sabe estar calada, senón que sempre anda a irse da lingua informando sobre quen me chama, con quen falo e trapalladas dese estilo. Non me deixan ir soa a ningún sitio. Sen embargo eu necesito liberdade, necesito divertirme, necesito saír sen que a miña nai estea pegada a min, pois ela pensa que así me fai ben, cando en realidade o único que me fai é mal, porque eu quero ser independente. Moitas veces prégolle que me deixe enfrontarme soa aos meus problemas, e dígolle que se me meto nun burato non me axude a saír, porque teño que ser eu capaz de facelo soa. Pero ela sempre está co mesmo rollo: que son moi pequena, que mira o que lles pasa a tantos nenos e nenas que saen nos medios de comunicación, que se temos moito vicio...

E, por se todo isto fose pouco.... ademais son fea!. Non o credes?. Pois vouvos contar unha cousa que pasou cando pisei por vez primeira o instituto. Alí atopei cunha rapaza moi guapa e quedei mirando para ela que, moi pagada de si mesma, preguntoume se quería que me dese unha foto. Eu contesteille que non e logo atopei a un amigo maior e pregunteille quen era. El respondeume que a nena máis guapa do colexio, á que seguían os rapaces, todos parvos, caéndolles a baba. Porque como ben saben todas as persoas, os rapaces nesta idade son uns porcos, e só pensan en ter ao seu lado unha

rapaza guapa para que os demais os envexen. A historia non remata aquí: cando faltaban dous meses para que rematasen as clases, a profesora de lingua díxonos que quería facer unha obra de teatro e que todas as persoas que quixesemos poderiamos participar. A min pareceume unha boa idea sacar o meu lado máis artístico e alá fun. Cando cheguei alí estaba ela, co noivo de turno de ganchete. Ao final, a sorte quixo que tivesemos que loitar as dúas polo mesmo papel: o de protagonista da obra. Eu quería que me escollesen a min, non para ser o centro de admiración, senón porque o protagonista masculino era un mozo moi xeitoso... e durante a función tiña que bicarme. Sen embargo, a miña mala sorte quixo que o papel o conseguise ela, aquela espantosa mulleiriña que tantos problemas estaba traendo á miña vida. Eu quedaría de suplente e para subir e baixar o telón.

Totalmente resignada, acudín aos primeiros ensaios. Ela mirábame cun sorriso de burla que a min me puña dos nervios día tras día. Pero por unha vez na vida, a sorte aliouse comigo: esvarou na clase de educación física e rompeu un brazo. Era o meu gran momento. Ensaiei coma unha tola día tras día ata que por fin chegou a representación. Saíu todo a pedir de boca, o rapaz bicoume e eu... desmaieime. Desde aquela cando me lembro río eu soa pola cara de circunstancias que tiña todo o mundo cando volvín en min.

Porque como vos digo, ás veces teño complexo de patiño feo. Cando ía en sexto de primaria tiña dúas amigas moi guapas; un pouco botadas para diante para a súa idade; pero que no fondo eran boas persoas. Ao chegar ao instituto todo cambiou de súpeto, porque sen saber por que, da noite para a mañá, separáronse de min e quedei soíña. Paseino moi, moi mal. Logo fun coñecendo outras amigas e pouco a pouco recupereime. Agora coa xente coa que ando lévome ben; pero nunca volverei ter unhas amigas coma aquelas primeiras. Moitas veces lémbrome dos bos momentos que pasabamos cheos de enerxía e de alegría, as trasnadas que faciamos no colexio... e gustaríame volver ao pasado, vivir de novo aqueles momentos nos que era feliz, nos que o mundo que me rodeaba era perfecto... porque o único que facía era xogar e disfrutar da vida, sen máis responsabilidades.

Como cambiaron as cousas!. A miña vida actual, como xa vos dixen, é moi aburrida, é a dura vida do estudante. Os adultos din que o único que temos que facer é estudar; pero non se dan conta de que esta obriga pode agobiarnos. Tantos exames, tantos deberes, tantos traballos..... porque eu denuncio as tolemias que lles dan a algúns mestres, "tolos da tarefa", chámolles eu. Son aqueles que che mandan dúas follas cheas

de exercicios para o día seguinte, sen ter en conta que nós tamén temos vida social e que queremos ver a fermosa luz do día.... E ademais, os cativos dámoslles alegría ás vilas, porque estamos tan cheos de enerxía que rebentamos por todos lados. Outro aspecto a destacar no tema colexio é o das mochilas. Vivimos pegados a unhas mochilas cheas de libros que dificultan que andemos ben e que provocan que a meirande parte de nós teñamos problemas nas costas por cargar tanto peso. Mesmo parecemos escravos. E cando nos queixamos, que credes que din os nosos pais?. Pois que cando eles eran novos, despois do colexio tiñan que ir segar a herba, sachar o millo, levar o gando.... e pola noite, facer as tarefas escolares. Eu non lles quito a razón, pero eran outros tempos nos que a escaseza obrigaba a traballar desde pequenos.

Ás veces escóitolles dicir aos meus pais que os adolescentes somos complicados, e se realmente nos paramos a pensar, teñen razón. Ás nenas só lles preocupa ir á moda e estar ben guapas para que os rapaces as miren, coas súas saias curtas, o seu pelo de cores e unha chea de pendentes. Os nenos son unha especie aínda por descubrir, son coma unha caixa de sorpresas, porque nunca sabes como van reaccionar; viven permanentemente preocupados polos videoxogos. E nos dous sexos hai diferentes modalidades: os "pijos", os "raritos", os "chapóns" (que só se dedican a estudar, illados e sen amigos cos que quedar polas tardes na praza para saltar e brincar)....En fin, un conxunto moi diverso.

E no medio de todo isto estou eu. Como vedes, a miña vida é un completo desastre. Aínda que pensándoo ben ao mellor non está tan mal: teño unha familia que me quere, teño amigos e amigas cos que brincar, teño roupa e comida abondo.... e estou adolescente!. Ai, meu Deus, que pase pronto este sarampelo!.

Ana González Rivera (1º B)



DESPEDIDA DE GENE.

Despedida.... máis non peche.

Unha obra de teatro que xa cumpriu o seu obxectivo, que xa non atrae á xente pon un bo día o cartel: "Despedida e peche".
Mais non é ese lamentable e triste final o que quero reflectir nestas líñas.

Despedida si, porque despois de máis de 40 anos de actividade docente, xa toca... Mais peche, NON.

Peche sería rachar con todo o feito, co que foi o centro da miña actividade, co desempeño da tarefa que máis amei: Ensinar a ser deportistas.

Mais..., tranquilos, non é que teñades que aguantar de novo ao profesor mandón, esixente, que vos pide rapidez en todo, que tira de vós ata sacarvos todo o que podedes dar e aínda un pouquiño máis. Iso acabouse porque todo ten que ter un final e hai que deixar paso.

Aínda que, pensándoo ben, non todo era tan gris, ás veces ata se pasaba ben, ¿non si?. Cando competíades contra os "parvos" do outro grupo da clase e conseguíades "o tesouro", cuando saltabas os bancos sen caer no "río cheo de pirañas", cando saían "chispas" pola potencia das túas pernas, cando superabas as túas marcas, cando conseguías, grazas a un pequeno consello ou ás verbas de ánimo do profesor, superar ese aparato que tiñas ante ti e que che parecía insalvable. ¡Non digas que non, que aínda estou vendo a cara de felicidade que che quedou!

E é esa imaxe, nestes momentos da miña despedida, a que quero gardar e gardarei moi dentro: A satisfacción reflectida na vosa cara cando por fin conseguíades, sen dúbida despois dun gran esforzo, superar o reto que tiñades diante.

Por eses momentos vividos ao longo de 40 anos, o meu agradecemento e a miña disponibilidade para outros tantos. ¡Oxalá!



I. E. S. ILLA DE SAN SIMÓN.-

NOVOS RECORDS ABSOLUTOS CONSEGUIDOS NO CURSO 2007 – 08

CATEGORÍA CADETE MASCULINA

80 metros lisos

JAVIER GRADÍN PÉREZ	***9"51***
(Marzo 2.008)	

Test de Cooper 12'

ALBERTO VILAS VIRULEG.	***3.350 m.***
(Xuño 2.008)	

CATEGORÍA INFANTIL FEMININA

1.000 metros

NAHÍR MNEZ. LORENZO	***3'52"***
(Marzo 2.008)	





I. E. S. "ILLA DE SAN SIMÓN" .- REDONDELA

VIII CAMPIONATO DE ATLETISMO "SEMANA SANTA 2008"

	INFANTÍS		CADETES.	
SALTO DE LONXITUDE:	***1º MARÍA MÍGUEZ LAMAS***	***3.65***	***1º MARÍA CABALEIRO FIGUEROA***	***3.30***
	2º SARA PINTOS OTERO	***3.50***	***2º ANDREA PAZ RODRÍGUEZ***	***3.00***
	3º PATRICIA MÍGUEZ LAMAS	***3.40***	***3º MERCEDES COUÑAGO SOBRAL***	***2.90***
LANZAMENTO DE PESO:	***1º SARA PAZO GONZÁLEZ***	***7.89***	***1º CARLA RIVAS GARRIDO***	***8.30***
	2º ANA LEIRÓS VEIGA	***7.52***	***2º SARA GONZÁLEZ BARREIRO***	***6.95***
	3º LETICIA FDEZ. BARREIRO	***7.17***	***3º JESSICA GÓMEZ PAZOS***	***6.91***
SALTO DE ALTURA:	***1º SARA PINTOS OTERO***	***1.15***	***1º MARIANA TRINIDAD RIVAD.***	***1.20***
	2º LARA CASTRO PÉREZ	***1.15***	***2º LAURA MAESTÚ VÁZQUEZ***	***1.10***
	3º EVA FIGUEROA MOREIRA	***1.05***	***3º _____***	









60 m. VALOS:	***1º NAHÍR MARTÍNEZ LORENZO***	***11.80***	***1º CARLA RIVAS GARRIDO***	***11.86***
	2º MARÍA MÍGUEZ LAMAS	***12.54***	***2º LAURA MAESTÚ VÁZQUEZ***	***12.16***
	3º ALBA AMOEDO RODRÍGUEZ	***13.23***	***3º _____***	
VELOCIDADE PURA:	***1º NAHÍR MARTÍNEZ LORENZO***	***11.95***	***1º CARLA RIVAS GARRIDO***	***11.86***
80 m. LISOS:	***2º PAULA TRINIDAD RIVADULLA***	***12.20***	***2º MARIANA TRINIDAD RIVAD.***	***12.16***
	3º LIDIA GARCÍA FIGUEROA	***12.48***	***3º MARÍA SERTAL SOUTO***	***12.48***
VELOCIDADE-	***1º PATRICIA MÍGUEZ LAMAS***	***34.51***	***1º MARÍA SERTAL SOUTO***	***34.29***
RESISTENCIA: 200 m.:	***2º ANTÍA MONROY RIVAS***	***36.36***	***2º JUDIT CABALEIRO SANTACLARA***	***34.57***
	3º EVA FIGUEROA MOREIRA	***38.70***	***3º MARÍA CABALEIRO FIGUEROA***	***35.51***
FONDO: 1000 metros:	***1º NAHÍR MARTÍNEZ LORENZO RA.***	***3'52***	***1º _____***	
	2º LÍA DOCAMPO DORADO	***3'55***	***2º _____***	
	3º PATRICIA MÍGUEZ LAMAS	***4'02***	***3º _____***	
RELEVOS 4 x 50 m.:	***1º MARÍA- PATRICIA- LÍA- NAHIR***	***32.83***	***1º M. SERTAL- CARLA- XEILA- JESSI***	***31.51***
	2º ANDREA- ANA- PAULA- LIDIA	***34.14***	***2º LAURA- ARABIA- ANDREA- UXÍA***	***32.45***
	3º BEA- LIDIA- AIRA- LETICIA	***34.86***	***3º LARA- CRISTINA- JENNY- JUDIT***	***35***

I. E. S. "ILLA DE SAN SIMÓN" .- REDONDELA

VIII CAMPIONATO DE ATLETISMO "SEMANA SANTA 2008"

		INFANTÍS		CADETES.	
SALTO DE LONXITUDE:	1º	XURXO FREITAS PEREIRA	4,15	MIGUEL SÍO LÓPEZ	4.76
	2º	CARLOS OTERO ORTEGA	3.85	ADRIÁN DARRIBA SAAV.	4.29
	3º	ANXO LOIS OJEA GONÇ.	3.64	LUCAS REGUERA FERREIRA	3.98
LANZAMENTO DE PESO:	1º	SANTIAGO CALVAR GLEZ RC	9.54	DAVID PAZOS PEREIRA RC	12.13
	2º	LUIS MATILDE LAGO	7.45	LUIS RODDRIGUEZ MAESTÚ	10.53
	3º	JOSÉ Á. GLEZ. TORRES	7.45	LUCAS RODRÍGUEZ MUIÑOS	10.10
SALTO DE ALTURA:	1º	DIEGO RODRÍGUEZ RAMIL	1.30	LUCAS REGUERA FERREIRA	1.40
	2º	PABLO ORGE RODRÍGUEZ	1.25	LUIS RODRÍGUEZ MAESTÚ	1.30
	3º	CARLOS OTERO ORTEGA	1.25	HUGO ÁLVAREZ BLANCO	1.20









60 m. VALOS:	***1º XURXO FREITAS PEREIRA***	***11.02***	***1º LUCAS REGUERA FERREIRA***		***10.23***
	2º GUILLERMO RODRÍGUEZ G.	***11.36***	***2º PABLO OTERO RIVAS***		***10.36***
	3º ANDRÉ PÉREZ VAQUEIRO	***11.82***	***3º JOSÉ COUÑAGO SOBRAL***		***10.39***
VELOCIDADE PURA:	***1º DIEGO RODRÍGUEZ RAMIL***	***11.32***	***1º JAVIER GRADÍN PÉREZ***	***NR***	***9.51***
80 m. LISOS:	***2º ANDRÉ PÉREZ VAQUEIRO***	***11.92***	***2º DAVID PAZOS PEREIRA***		***10.10***
	3º SAMUEL ROGUEZ. BORINES	***12.39***	***3º FCO. JAVIER COUÑAGO***		***10.60***
VELOCIDADE-	***1º XURXO FREITAS PEREIRA***	***31.07***	***1º DAVID PAZOS PEREIRA***		***27.89***
RESISTENCIA: 200 m.:	***2º AARÓN PÉREZ BORRAJO***	***33.36***	***2º MIGUEL SÍO LÓPEZ***		***28.17***
	3º GONZALO BLAS TUCHE	***34.16***	***3º ALBERTO VILAS VIRULEGIO***		***28.42***
FONDO: 1000 metros:	***1º DIEGO RODRÍGUEZ RAMIL***	***3'42***	***1º ALBERTO VILAS VIRULEGIO***		***3'12***
	2º AARÓN PÉREZ BORRAJO	***3'45***	***2º DIEGO J. DOMÍNGUEZ AREAL***		***3'16***
	3º ANDRÉ PÉREZ VAQUEIRO	***4'10***	***3º PABLO GONZÁLEZ RODRÍGUEZ***		***3'34***
RELEVOS 4 x 50 m.:	***1º GUILLE – XURXO- JOSÉ G-DIEGO***	***31.95***	***1º LUCAS- ADRIÁN –PABLO-F JAVIER***		***8.45***
	2º CARLOS O-ELOY-PABLO OR-ANDRÉ	***32.92***	***2º JOSÉ C-MIGUEL-DAVID-ALBERTO***		***28.67***
	3º LUIS M-BORJA –DANI – DAVID P	***33.92***	***3º DIEGO J-LUCAS-DIEGO C-ALEXAN***		***30.60***

A XEITO DE DESPEDIDA

Non quero desaproveitar a oportunidade e o espazo que me brinda "A fiestra do Illa" para despedirme, tres anos despois, da función de dirección e reintegrarme, de novo, á miña situación natural que é a de docente. Foron tres anos de experiencias, en xeral, positivas polo que animo ás/aos miñas/meus compañeiras/os a que venzan os seus recelos e se fagan cargo da xestión do IES. Aos que tomen a nova dirección deséxolles unha interesante e plena travesía; verán que a cousa non é tan complexa nin difícil e, ademais, contarán, caso de necesitala, coa miña axuda desinteresada ¡Ánimo!.

Nesta hora, de relativa despedida, desexo expresar o máis sincero agradecemento a todos pola súa colaboración e apoio ao longo da miña xestión.

Ao alumnado porque, a pesar de certos momentos puntuais, souberon captar a idea que tratabamos de levar a cabo que non era outra que a de querer converter ao centro nun lugar tranquilo, de estudo e de convivencia pacífica e tolerante. Desde aquí e tal como fixen hai tres anos, quero despedir ás/aos alumnas/os de 4º de ESO e desexarlles un futuro cheo de éxitos, lembrándolles que esta sempre será a súa segunda casa. Ao resto anímoos a seguir, como mínimo, na mesma liña e a seguir mantendo ao Illa coma un lugar acolledor.

Ás/aos miñas/meus compañeiras/compañeiros só lles podo amosar gratitude e afecto por facer que estes tres anos fosen levadeiros. Sen a súa colaboración estou seguro de que as impresións actuais serían distintas. ¡Grazas pola vosa tolerancia e comprensión!. Quero ter unha lembranza especial para os/as que por motivos persoais e familiares nos tiveron que deixar para irse a outros centros máis cercanos ao seu espazo vital. Sempre estaredes na miña memoria.

Agradecer, tamén, ao persoal subalterno: auxiliar administrativa, conserxe, limpadoras o seu labor, fundamental para a correcta marcha e funcionamento do centro.

Finalmente, desexo aproveitar esta ocasión para manifestar a miña gratitude e consideración a dúas persoas, Miguel e Gene, sen as cales non tería sido doado o meu labor. Colaboradores inestimables e dilixentes, efectivos e discretos, en fin, dous apoios sólidos e coherentes. Para eles o meu afecto e recoñecemento e, dun xeito moi especial, para Gene, quen tomou a decisión de deixarnos para disfrutar dun merecido retiro e poder adicarse a outras funcións máis reconfortantes.

Ata pronto, feliz verán a todos/as.



DEPARTAMENTO DE CIENCIAS SOCIAS

Reflexiona sobre este cartel que é unha mostra da persecución a que foi sometida a lingua galega durante o réxime franquista:

HABLE BIEN

Sea Patriota- no sea bárbaro

Es de cumplido caballero, que Vd. hable nuestro idioma oficial o sea el castellano. Es ser patriota.

_____

VIVA ESPAÑA Y LA DISPLINA Y NUESTRO IDIOMA CERVANTINO

¡¡ARRIBA ESPAÑA!!

Octavilla. Imprenta sindical. A Coruña, 1942

Compara as obrigas dos maridos e das esposas, recollidas do libro "**El camino recto y seguro para llegar al cielo**", escrito por San Antonio Mª Claret e publicado en 1845:

Obrigacións dos maridos:

- Amar a muller como Xesucristo á igrexa.
- Non desperdiciala, porque é compañeira inseparable.
- Dirixila coma a inferior.
- Ter coidado dela como garda que é da súa persoa.
- Mantela con decencia.
- Sufrila con paciencia.
- Asistila con caridade.
- Corrixila con benevolencia.
- Non maltratala con palabras nin obras.
- Non facer nin dicir cousa algunha diante dos fillos, aínda que pequenos, que poida ser motivo de escándalo.

Obrigacións das esposas:

- Apreciar ao marido.
- Respectalo coma a súa cabeza.
- Obedecelo coma superior.
- Asistirlle con toda dilixencia.
- Axudarlle con reverencia.
- Contestarlle con mansedumbre
- Calar cando esté anoxado e mentres dura o enfado.
- Soportar con paciencia os seus defectos.
- Fuxir de toda familiaridade.
- Cooperar có marido na educación dos fillos.
- Non desperdiciar as cousas da casa nin os bens.
- Respectar aos sogros como aos pais.
- Ser humildes coas cuñadas.
- Manter boa harmonía con todos os da casa.




O seguinte cadro fai unha comparación entre as **conmemoracións escolares** durante o réxime franquista e as actuais. Poderías dicir cales destas datas se conmemoran hoxe en día?. Se mantén hoxe en día algunha conmemoración dos anos 50 e 60?


14 setembro: Exaltación da Escola Cristián 27 de setembro: Liberación do Alcázar. 7 de outubro: Batalla de Lepanto e Virxe do Rosario. 15 de outubro: Virxe do Rosario 29 de outubro: día dos caídos. 31 de xaneiro: Día de San Juan Bosco. 23 de abril: Festa do libro. 2 de maio: Festa da Independencia. 3 de maio: invención da Santa Cruz. 13 de xullo: Conmemoración do asasinato de Calvo Sotelo.	Do 9 ó 15 de decembro:conmemoración da Constitución e do Estatuto de Autonomía de Galicia. 10 de decembro: Día da Declaración Universal dos Dereitos Humanos. 14 de marzo: Día Mundial dos dereitos do consumidor. Entre o 3 e o 23 de abril: Día do Libro. 9 de maio: Día de Europa. Do 12 ó 16 de maio: Semana das Letras Galegas. 5 de xuño: Día Mundial do Medio Ambiente. .....




DEPARTAMENTO DE EDUCACIÓN PLÁSTICA

Estas tres imaxes pertencen a un traballo de plástica realizado en dúas partes:
A primeira está realizada no laboratorio de fotografía, e consiste nunha serie de contactos (xogos de luces e sombras sobre papel fotográfico).
A segunda é un xogo que nos levará a un haiku libre onde se fusiona a imaxe e unha palabra escollida ó chou.
Grazas a todos os que colaborastes.




A luz
do sol
fogar
claro, blanco o meu rincón


O
Cando
de,
como o meu corazón.
Lume de
morrer.

DEPARTAMENTO DE INGLÉS

English quiz

1.- Which of these was Lord Byron´s daughter´s name?
   a) Elisabeth
   b) Mary
   c) Allegra
   d) Catherine

2.- Halloween is a ...
   a) Roman tradition
   b) German tradition
   c) Celtic tradition
   d) Greek tradition

3.- Shakespeare was born in ...
   a) London
   b) Stratford-upon-Avon
   c) Oxford
   d) Cambridge

4.- A famous Scottish monster is ...
   a) Moby Dick
   b) Nessie
   c) Stonehenge
   d) Highlands

5.- According to a famous Christmas carol, what did my true love send to me on the first day of Christmas?
   a) A turtle dove
   b) A gold ring
   c) A partridge
   d) A french hen

6.- What´s the name of Santa´s most famous reindeer?
   a) Adolph
   b) Noel
   c) Rudolph
   d) Nicholas

7.- Who wrote the song *Imagine*?
   a) Paul McCartney
   b) Pete Doherty
   c) John Lennon
   d) Justin Timberlake

8.- What is the unluckiest day of the year for the British?

a) Tuesday 13th
b) Monday 28th
c) Friday 13th
d) Tuesday 1st

9.- Which of these words is not related to St. Valentine´s Day?
a) Priest
b) Pancake
c) Arrow
d) Cupid

10.- Which of these football teams is not from London?
a) Arsenal
b) Liverpool
c) Chelsea
d) Tottenham Hotspurs

Word square

Find ten irregular past forms:

A	T	E	B	R	O	K	T	L
T	H	O	U	G	L	B	O	E
F	O	U	N	D	D	R	K	F
O	U	R	N	U	S	O	C	T
U	G	L	F	W	L	K	A	G
G	H	O	O	K	E	E	M	T
H	T	O	O	K	P	W	E	W
C	A	U	G	H	T	L	U	A
L	O	H	T	O	V	E	G	S

Who sings these songs?

Amy Winehouse – Alicia Keys – Madonna – Rudolph Chikilicuatre – High School Musical – One Republic – John Lennon – Rihanna

I´ve got to move on and be who I am
I just don´t belong here; I hope you understand.
We might find our place in this word someday,
But at least not for now,
I gotta go my own way

And no one, no one, no one
Can get in the way of what I'm feeling
No one, no one, no one

Now that it's raining more than ever
Know that we'll still have each other
You can stand under my umbrella

Time is waiting
We only got four minutes to save the world
No hesitating
Go grab a boy
Go grab a girl
Time is waiting

You may say I'm a dreamer,
But I am not the only one
Perhaps one day you'll join us...

And John Charles tells him:
Why don't you shut up?

That it's too late to apologize, it's too late
I said it's too late to apologize, it's too late
Too late, oh

They tried to make me go to rehab
I said no, no, no
Yes I've been black but when I come back
You won't know, know, know



DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN

FORUM ORIENTA 2008

Un ano máis os nosos alumnos rematan a E.S.O. cheos de ilusións, gratas lembranzas e novas expectativas.

O Plano de Orientación Académico e Profesional para os alumnos de 4º ten como broche a visita ao Forum Orienta no Instituto Feiral de Vigo (IFEVI).

A visita foi fructífera para todos xa que lles abre un abano de posibilidades educativas e profesionais tanto cara aos bacharelatos e Formación Profesional de grao medio e superior como ao Sistema Universitario de Galicia (SUG).

O Forum recibiu uns 20.000 visitantes superando todas as previsións iniciais.

Ó longo da mañá percorremos todos as casetas do recinto. Os nosos alumnos puideron acudir ás charlas, obradoiros, actividades e exposicións organizados. E todo isto animado polas actuacións de grupos de percusións, bailaríns, espadachíns ou cómicos que fixeron as ledicias de todos.

Abride os ollos rapaces, a E.S.O. remata pero as vosas vocacións deben seguir formándose.



CARTA A UN AMIGO –COMPAÑEIRO – MESTRE

Ás veces a vida concédeche algún privilexio, deses que non se compran, dos que valen tanto que só se pagan con respecto e admiración.
A min, a sorte tróuxome a Redondela, ata un vello colexio cun recuncho pequeno e mal feito ao que chamabamos ximnasio.
Daquela aínda eu saltaba para xogar ao volei cos rapaces, e o personaxe que alí encontrei case tiña pelo.
Hoxe, pasados os anos, el con menos pelo e eu con máis barriga, vai dar por cumprida a súa traxectoria profesional.
Traballa coma unha formiga, coma un trapeiro do tempo, recolle cada minuto para aproveitalo en facer algo. Como diría miña nai: " non ten paraxe ". Compartir con el estes anos é un dos grandes privilexios que tiven, unha sorte de aprendizaxe.
Xa me coñecedes, eu son unha especie de *Joseciño ideas*, desparramado, con fases de eclosión activa e outras de arrastrar os pés. Este non te deixa, é unha locomotora *Diesel* que non para. Cando estás activo acompaña,*"e apunta todo"*. Cando baixas, el segue ao seu ritmo, non te deixa baixar; saca os papeliños e dache conta do que queda por facer.
Compartimos aquel lidar coa Ed. Física, o deporte escolar, moitos anos no Choco e sempre a tarefa profesional.
Todos valoramos e coñecemos a súa capacidade de traballo, tal é así que moitas veces pasa desapercibido un home que é coma unha caixiña de sorpresas.
Mais, a capacidade de traballo é unha das cualidades das persoas de alta capacidade intelectual. Ás diferentes acreditacións académicas engádense unha notable competencia en idomas, deféndese en francés e inglés e pelexa duramente co galego. Usuario a un bo nivel das novas tecnoloxías, pintor, carpinteiro, xogador de balonmán, de fútbol, de tenis,….
É teimudo e competitivo, se lle ganas hoxe prepárate porque vai vir entrenado para loitar outra vez, e outra, e outra. Non se vai render. Sabe perder, pero séntalle tan mal que non para ata ganar.



Nunca te vai traicionar, nin deixar na estacada, no é quen de deixar un problema sen resolver nin a un compañeiro sen axuda.
Don Generoso X Muiños Reboredo (o X é un dos seus segredos mellor gardados), honesto, traballador, intelixente e mellor compañeiro. Querido mestre, agora xa tes resolta aquela inquedanza que te acougaba: ¿ Que vou facer cando me xubile ?, ensinar a medrar a eses netos que che fan caer os ollos.
Grazas polo teu traballo, polo teu exemplo, pola túa axuda, pola rectitude e honestidade, por compartir connosco a túa capacidade e dedicación, polo teu carácter temperado.
Grazas por dignificar a nosa profesión, e que saibas que non che imos perdoar ese oco que nos deixas, porque ti es dos que case non se notan cando están pero que moito se botan de menos cando marchan.
Saibas que nesta a túa casa, moitos te admiramos e todos te respectamos, e que te despediremos con sentimentos encontrados. Ledicia polo descanso merecido e tristura polo compañeiro que nos deixa.
Amigo Gene: GRAZAS

Despedimos a Dani.

Escribir estas palabras para despedir ao noso compañeiro é unha tarefa difícil. En primeiro lugar porque Dani é discreto abondo e dá a sensación de que todo isto estaría de máis, pero non.

Dani, os que temos traballado contigo sabemos da túa disponibilidade sempre cordial e da túa xenerosidade. Pero é que, ademais, vaste no mellor dos momentos, cando con moitos de nós compartes accións, ideas e proxectos.

Velaí van algúns dos testemuños ante o coñecemento da túa partida, pero antes despedímonos de ti con estes versos de Carlos Oroza pois sabemos que os alumnos e alumnas foron sempre o eixo da túa verdadeira complicidade:



"Los que somos cómplices
no amamos porque tengamos el hábito de vivir
sino porque estamos acostumbrados a amar"

"...Dáme moita mágoa que marche porque non só aprendín con el tecnoloxía, aprendín a ser máis tranquila e a non desesperarme tanto..." Leticia

"...xa non poderemos ver as súas fillas como salvapantallas do ordenador ...é un dos mellores profesores do instituto, non sei por que se vai, debería de ternos avisado, ese é o seu único defecto..." Sergio

"...morro, non se pode ir, as clases ademais de ser educativas son divertidas...acabáronse os proxectos divertidos, merendolas en clase, tortillas e biscoitos...Dani, no te vaias..." Luna

"..é o mellor profe de tecno do mundo....espero que lle vaia moi ben... vouno botar moito de menos" Noemi

" …non o podía crer... quedei chorando por dentro...espero que ao despedirse faga unha cousa guai …" Alba

"... Jo, non! encabúxome!! … facer proxectos mola..." Xurxo.

"...Daniel cáeme moi ben...non só ensinaba tecnoloxía...gustábannos as súas clases, sobre todo ir ao taller para facer os proxectos da clase..."

"...nada vai ser igual, botarémolo en falta, os proxectos divertidos...e as camisetas que poñían parvadas...e cando fomos patinar... tómaselle cariño...Dani, querémosche. " Carmen

DESPEDIMOS Á PROMOCIÓN 2007/8 DE 4º DA ESO



4º A

4º B





4º DC

Do Departamento de Tecnoloxía-2008

Introdución

A Fiestra do Illa de San Simón neste ano deixounos ver o traballo de 4º na súa aula máis científica e técnica que a están a desenvolver os alumnos de IPEE.

Estes alumnos nos amosan que non son produto da maxia nin da ciencia oculta eses aparellos, que temos na nosa casa e previamente vimos nas grandes superficies ou centros comerciais, que nos marabillan prendendo as luces a xogo, nuns casos, co volume do aparello de audio, noutros, prendendo as luces dunha habitación dun hotel facendo ruído o abrir a porta ou tamén iluminado o xardín cando a noite dá luz aos nosos soños…descubrindo que mediante traballo, esforzo e curiosidade eles poden facelo (e ti tamén).

Vúmetros

Este instrumento permite visualizar o nivel de son dun sinal de audio.
O Vúmetro é un excitador de leds ou luces que nos permiten visualizar o nivel de sinal, que pode ser luz ou son.
Por exemplo: un vúmetro como voltímetro amosaría a cantidade de tensión que haberá nun cable, tamén serve para que amose o ritmo da música ou cantidade de luz que percibe o LDR (resistencia variable ca cantidade de luz). Así pois, a maior volume de son máis leds acenderán.
Este tipo de vúmetros son moi utilizados nos aparellos de música para visualizar a cantidade de decibelios que nese momento nos están agasallando os Dj de moda.


Proxecto I, vúmetro analóxico.


É un circuíto simple del nivel dos sinais de sons, para adaptalo segundo as necesidades do usuario.
Poden ser adaptados os niveis de entrada, regulados desde TR1 e TR2, despois é rectificado polo D1-2 e dividido o circuíto principal que está constituído por D3 a D13, os transistores Q2 a Q13 e os materiais que existan ao redor destes.
aa saída é polo medio dos LED LD1 ao LD13. Podemos agregar todos os LED que necesitemos, sempre calculando a corrente que necesitarán os mesmos.

Compoñentes:

R1= 47 Kohm
R2-3 = 1 Mohm
R4-R7= 1 Kohm
R5= 100 ohm
R6=18 Kohm
R8-10-12-14= 4.7 Kohm
R9-11-13-15-17= 560 ohm
R19-21-23-25-27= 560 ohm
R24-26-28-30= 4.7 Kohm
R29-31= 560 ohm
R16-18-20-22= 4.7 Kohm
Condensador de axuste de TR1= 100 Kohm
Condensador de axuste de TR2= 4.7 Kohm
C1= 10uF/25V
C2= 100nF/100V
C3= 4.7uF/25V
C4= 4.7uF/25V
C5= 10uF/25V
C6= 47uF/25V
C7-8= 100nF/100V

Traballo:




Proxecto II, vúmetro dixital.


Compoñentes:
Todos moi fáciles de conseguir e baratos, moi baratos (a maioría deles reutilizados da placa da foto)



Esquemas:
Son os planos que nos guían polo camiño



Traballo:
Xa feito, recordarvos que por momentos a tensión libérase de moi diferentes maneiras.
O premio ao traballo ben feito.
Son todos os que están pero non están todos os que son.







COLABORACIÓNS DO ALUMNADO

ARTIGOS DE OPINIÓN

A VIDA

Ás veces parece que á xente non lle importa morrer, perder ós seus seres queridos, non volver facer o que máis lles gusta...
Só queren divertirse, e de que forma;fan cousas que por chamarlles dalgunha maneira son anormais: saltan semáforos, non respectan os sinais de tráfico, toman drogas, conducen bébedos...
Non se dan conta de que aínda que ás veces a vida é inxusta, é para disfrutala.
Pero a eles iso non lles importa, fanse os duros, pero un día todo vai cambiar, van recibir unha lección, porque a vida é dura pero xusta.

Vanesa (2º C)

ARTIGO DE OPINIÓN

O fútbol non é o único deporte

Cada vez que acendo a televisión e me cadra ver algún programa adicado ao deporte dáme a sensación de que entenden por deporte o fútbol; non me entendades mal, non pretendo dicir que o fútbol sexa un deporte inferior os demáis, o que quero dar a entender é que, a excepción de escasos programas de deportes (non só da televisión, senón de calquera medio de comunicación) que amplía este mundo dos deportes, o resto destes informativos ocupan todo ou polo menos gran parte do seu tempo adicado ó fútbol, deixando de lado outros deportes tales coma: o baloncesto, o balonmán, o voleibol, o tenis, o ciclismo, o golf, o atletismo, a natación...

Tendo en conta que en España atopamos tanto homes coma mulleres que aportan a este país un prestixio nas competicións internacionais, non entendo por que por diante deles sempre salientan o fútbol.

Todo isto faime pensar que no mundo deportivo son máis importantes os cartos que calquera outra cousa, e estaremos todos de acordo en que o fútbol move un inmenso capital, en publicidade,...

A verdade é que por unha vez non estaría mal atopar noticias acerca de deportes que apartasen o fútbol do centro do mundo deportivo, pero non sei se iso vai ser posible.

Carla Pérez Castro 2ºD



ABORTO: UN CRIME IRREMEDIABLE

Todos sabemos que en España hai clínicas nas que se practican abortos a cotío. Aínda que penado pola lei, esta práctica vai en aumento.

Moita xente está a favor da súa legalización, argumentando que cada quen é libre de facer da súa vida un saio. Isto paréceme unha clara contradición, pois estás a decidir sobre unha vida que non é a túa, negándolle, na miña opinión, o dereito principal que temos todos: o dereito á vida.

Son moitos os que consideran que antes dos tres meses o feto non é vida, xa que, no caso de ser expulsado, non podería sobrevivir, polo que se debería poder abortar libremente. Pero ¿que están tentando dicir con isto, que un cativiño tampouco é vida? Porque un recén nacido non é quen de sobrevivir pola súa conta e ninguén dubida de que se trate dun ser vivo.

Outros din que é o xeito de corrixir un erro. Eu penso que existen métodos dabondo para evitar este tipo de erros que non só te prexudican a ti...

Podo apoiarme en datos obxectivos, coma que un 22% das mulleres que abortan non é a primeira vez que o fan, para afirmar, case sen ningunha dubida, que o aborto libre levaría á súa utilización coma unha especie de método anticonceptivo, como xa pasou no caso da píllula do día despois.

Debo engadir, ademáis, que a día de hoxe os abortos adoitan traer consigo serios problemas de saúde, podendo chegar ao falecemento, xa que a maioría de clínicas onde os practican son ilegais e non cumpren os requisitos sanitarios mínimos. En Europa Central o aborto constitúe a causa principal de morte materna.

Os problemas medran se, ademais da mala calidade da clínica, a nai se atopa nunha idade comprendida entre os dezaoito e os vintecatro anos pois nestes casos o aborto pode desencadear comportamentos suicidas, desordes alimentarias, alcol, drogas, etc..

A lei española só permite o aborto en dous casos moi claros e definidos: que se atopen en perigo a vida do feto e/ou a da nai, ou que o embarazo sexa froito dunha violación. Debo dicir, ou quizáis admitir, que no primeiro caso estou totalmente de acordo coa súa práctica pois a túa vida prevalece sobre calquera cousa, ademais exclúo a posibilidade de argumentar en contra disto aínda que son consciente de que si existen, razóns de índole relixiosa que poderían ser esgrimidas, pero que non comparto.

Porén, non estou de acordo no segundo caso. Hai contraargumentos coma que o bebé pode resultarlle un recordatorio á nai da violación, co conseguinte trauma, pero non nos esquezamos de que o bebé non é culpable do xeito en que foi enxendrado. No caso de que a nai non se queira facer cargo del, existen outras alternativas. Unha delas entrégalo en adopción, pois é unha mágoa que tantísimas familias que agardan en longas listas de espera co único desexo de ter un filliño de seu, non cheguen nunca a acadalo. Ao meu parecer, a violación é un crime terrible contra a nai, unha vítima inocente, e o aborto é a matanza dun neno sen culpa no que a nai participa pola súa vontade.

Para concluír só direi que o aborto é unha práctica ilegal coa que se pon fin a unha vida inocente e coa que non podo estar de acordo.

Raquel Fontán (4º A)

Cartas ao director.

O pavillón de Redondela:

Son unha alumna do IES Illa de San Simón.
Cando xoguei por primeira vez nese pavillón deime conta do mal que está.
Unha xogadora do meu equipo, cortou un dedo por culpa dos carteis de anuncios que estaban mal colocados.
Os vestiarios onde nos cambiamos están todos con pintadas de permanente, as paredes todas sucias, as portas dos baños rotas; e tamén había un vestiario que non tiña porta. As duchas estan mal reguladas e sae auga quente ou auga fría segundo cadre. O teito está roto porque cando chove cae auga no pavillón, e móllanse os balóns e tardan en secar.
As gradas están en mal estado porque teñen un saliente. Un sábado pola noite abanearon a porta e roubaron os balóns dos infantís.
Se non gastasen tanto nas macetas, e nas beirarrúas, podiamos ter un pavillón decente.
O pavillón está moi limitado porque se alguén quere xogar ao baloncesto, volley- ball… non poden porque non teñen canastras, canchas …
Eu propoño que tiren ese e que fagan un novo.

Rita Sobral (2º D)



As mortes de tráfico fronte as mortes provocadas polo tabaco

Lin nun xornal unha reportaxe dedicada ás mortes que houbo durante a Semana Santa e na miña opinión, non estaba de todo completa.
Pareceume ben que falasen sobre o gran descenso das mortes durante esa semana, xa que moita xente viaxa e hai moito máis risco de accidentes, pero en ningún momento mencionan outras mortes, como as que hai ao longo do ano por culpa do tabaco.
Cada vez que vemos a televisión, mercamos un paquete de tabaco, ou mesmo cando imos paseando pola rúa, vemos unha chea de anuncios contra o tabaco, pero, na miña opinión, con iso non é suficiente, xa que non advirten da cantidade de mortes que hai, só advirten do perigo que corren, aínda que ás veces o poderían facer con máis detalle, xa

que algunha xente non é consciente diso. Por iso, morren cada día, unhas mil persoas por culpa desta droga, o tabaco, que contén moitas substancias nocivas.

Non digo que as mortes por accidentes de tráfico, ou por outras causas, sexan máis nin menos importantes que as provocadas polo tabaco, todo o contrario, que son igual de importantes, por iso deberían ter a mesma publicidade.

Unha das razóns deste problema, pode ser que nun accidente de tráfico, morren ás veces, máis dunha persoa, e que en moitos casos, estes accidentes non son culpa da persoa que morre, senón por culpa doutra, que conduce bébeda, ou cousas polo estilo, e por iso a xente protesta, e ten máis publicidade. En cambio, no tabaco non, ou morre unha persoa por fumar moito, ou por respirar demasiadas substancias dalguén que fuma ao seu carón, e esa tamén é unha grande razón para que haxa máis reportaxes sobre estas mortes.

Patricia Míguez (2º D)

Unha viaxe moi problemática

Hoxe é o peor día da miña vida e os meus pais son os máis detestables da terra! Seguramente así non entenderedes nada do que vos quero decir, pero ides estar de acordo comigo cando vos conte o que onte me aconteceu.

Hai un tempo saíron unhas bolsas de estudo para algúns interesados nas linguas. Estas consistían nunha axuda que che daba a Xunta para viaxar ao estranxeiro a practicar o inglés. A ver, a min gústanme moito os idiomas, pero non son unha obsesa con este tema.

Cando meus pais se enteraron destas subvencións decidiron anotarme nas listas, sen dicirme nada, cando a que ía ir son eu.

Onte, saíron os resultados. Rapidamente, entrei na páxina necesaria para ver o estado da solicitude dunha das miñas amigas. Que mágoa, non a colleran! Despois da miña comprobación, ía pechar a páxina, pero deume por ver quen máis estaba nas listas e, de súpeto, vexo o meu nome aí. Nese momento toleei, púxenme como unha fera, ata que chegada a noite, pedinlles unha boa explicación aos meus pais. E, sabedes o único que me responderon?



-Fixémolo porque te queremos e sabemos que isto é o mellor para ti.

Van saber eles o que é mellor para min! Eles pensan que o adecuado é que me vaia tres, e volvo repetir, tres semanas a Londres no verán e, aínda por riba, soa, pois non coñezo a ninguén. Que pouco me tratan! O que querería eu é pasar un bo verán, na praia, coas miñas amigas, ríndonos e falando. Iso é o mellor para min e non irme a unha residencia cunha xente totalmente descoñecida.

Pasou o tempo e, para a miña desgraza, chegou o verán. O mes de xullo paseino coma nunca antes, divertinme

moitísimo. O problema foi cando chegou o mes de agosto, pois a viaxe xa estaba á volta da esquina e os meus ánimos polo chan, esvaecidos.

Chegou o pésimo día. Eu xa estaba lista, xa preparara a maleta, vestírame e só me quedaba ir para o aeroporto.

Cando cheguei a este, esperei un pequeno anaco e cando oín o número do meu avión, decidida marchei, sen despedirme de ninguén, nin sequera dos meus pais, que estaban aí comigo. Despois, cando me sentei no avión vin a miña nai chorar desconsoladamente. As bágoas esvaraban pola miña cara, pero eu consolábame pensando que eles me obrigaran a actuar deste xeito, iso era o mellor para min, repetían continuamente, pois xa está, agora estou aquí dentro e non voltarei atrás!

O voo fíxoseme eterno e moi triste, pois non tiña con quen falar nin con quen desafogar as miñas penas, que nese momento eran moitas. Pero tiña que ser forte e asimilar a situación, pois ía estar así durante tres semanas, soa, nun país totalmente descoñecido para min e cunha xente estraña.

Cando cheguei a Londres estábame esperando un home cun cartel no que poñía: alumnos estranxeiros. Eu achegueime alí e puiden observar que había bastantes nenos. De súpeto, este home comezou a súa presentación. El era John e nos ía impartir clases pola mañá na residencia onde iamos estar e, pola tarde, prometeunos facer actividades extraescolares, visitar os lugares máis importantes da cidade, charlar cos cidadáns, facer algúns xogos e improvisar un pouco tamén. A miña primeira impresión sobre John foi moi boa, pareceume un bo home.



Ao chegar á residencia fóronnos chamando de tres en tres e de seguido déronnos a chave do noso cuarto. Cando me dixeron que ía ter que compartir dormitorio non me agradou nada, porque non nos podían dar un cuarto a cada un? Ben, ao que ía, a min tocoume no segundo andar e estaba nun pequeno dormitorio con dúas rapazas. Unha delas chamábase Marie e era francesa e o nome da outra era Valentina e era italiana. A miña única esperanza é que o italiano e o castelán parécense un pouco e o francés... pois a ver se coas clases impartidas no instituto abóndame! De súpeto, Valentina animouse e comezounos a falar, pero en inglés, e así, entre as tres, fomos entablando unha boa conversa.

A residencia tiña tres plantas e na primeira estaban as aulas, o comedor e a zona de lavado da roupa. Nas dúas restantes estaban os dormitorios. O primeiro día alí ensináronnos a nosa actual vivenda e tamén nos deron os horarios das nosas clases. Ese día só serviu para coñecer mellor a residencia e aos nosos compañeiros. O peor viu chegada a noite. Non puiden pegar ollo! A cama era incomodísima e eu non estaba afeita a durmir fóra da casa.

Ao seguinte día tiña un sono tremendo! Cando soou o despertador anoxeime moito, pois deume moita rabia que agora, que xa estaba conciliando o sono, me tivera que erguer. Rapidamente prepareime, vestinme e marchei cara ás clases. Cheguei puntual a estas, senteime nun asento libre que atopei na última ringleira e, xa de seguido, chegou o profesor. As horas, nesta clase, fixéronseme eternas. O mestre comezou a falar e eu non entendía nada, pero deume igual pois estaba moi preto da fiestra, entón entretíñame vendo a paisaxe. A verdade é que Londres é moi bonito, pois dende aquí puiden ver uns fermosos xardíns e o famoso Támesis atravesando a cidade. Esta foi unha imaxe única, inesquecible para min. De súpeto oín unha campá, xa era a hora do xantar. Pero se aínda eran as doce! A comida era tipo bufete, o que me beneficiou moito, pois son moi estricta ao respecto. Á hora de sentar, deciden facelo xunto ás miñas compañeiras de cuarto: Marie e Valentina que, por certo, estaban soas nunha mesa. Ao verme, alegráronse moito e tamén me contaron que estaban moi contentas de compartir dormitorio comigo. Eu respondinlles que para min tamén era un gran placer. Dende aquela fixémonos unhas amigas inseparables.

Pola tarde, fomos visita-los xardíns Kew con tódolos demais nenos. Aquí facía moitísima calor! A explicación a isto era que o tempo neste lugar debía ser similar ao do ecuador pois así sobrevivirían as plantas mellor, xa que a maioría destas proviñan de Perú e Brasil. Eu non lle prestei moita atención ao guía, pero paseino moi ben, pois rinme moito coas miñas amigas. Aquí pasamos a maior parte da tarde e despois voltamos á residencia. Pola noite, tiven unha gran idea. Por que non faciamos unha festa de pixamas no noso cuarto? A elas dúas pareceulles unha moi boa idea, así que comezamos a mover os mobles, algúns colocámolos como uns tobogáns para esvarar por eles e por último collimos as almofadas, puxemos música e pasámolo bomba! Eu creo que foi a noite máis divertida da miña vida!



Pola mañá, coma sempre, asistimos ás clases e pola tarde leváronnos a visitar os monumentos máis importantes da cidade. Vímo-lo Big Ben, e levei unha gran sorpresa con este pois non é o mesmo velo en persoa que pola televisión. É un monumento fermoso e, ademais, é impresionante estar ao seu carón. Xunto a este estaba o Parlamento Británico, un edificio grandioso, enorme. Eu, tan inculta coma

sempre, tiña a esperanza de poder entrar, pero isto non foi posible e, ademais, a ningún outro rapaz se lle pasou pola cabeza. Tamén visitámo-la abadía de Westminster e dentro desta vimos o sepulcro de Henrique VII nunha das capelas da igrexa. A basílica en sí, pareceume moi maxestosa. O que non entendo é por que tiñamos que ir despois a ver a igrexa de San Pablo. Se xa vímo-la abadía de Westminster que é a máis importante, de que nos serve seguir vendo igrexas? Aínda así, dentro do que cabe, pareceume moi bonita tamén. Pero, o que aínda recordo hoxe, foi o Buckingham Palace, o lugar onde reside a Raíña de Inglaterra. É, para o meu gusto, a obra máis ben feita, máis traballada, máis bonita que vin no meu viaxe e en toda a miña vida. Quen me dera visitala por dentro! Despois desta ruta que vos acabo de nomear voltamos á residencia e, ese día, foi poñer un pé na cama e quedei durmida coma unha pedra.

Á mañá seguinte, fixemos unha actividade que me gustou moito. Esta consistía nunha excursión pola cidade, pero sós. Primeiro, o mestre dixo que fixeramos grupos de tres ou de catro persoas. Como supoñedes eu fun con Marie e Valentina. A continuación, John deunos un walkie-talkie por grupo e dixo que se nos perdiamos ou nos pasaba calqueroutra cousa nos comunicaramos con el. Tamén dixo que nos ía deixar toda a mañá para facer o que quixeramos, pero coa condición de que sexamos responsables e non o involucremos en ningunha liorta. Ao final, só nos advertiu de que ás dúas todo o mundo tiña que estar no barrrio Westminster, o lugar de partida. Nolas tres puxémonos de acordo e decidimos coller un taxi que nos levara ao centro de Londres, onde podiamos mercar roupa e algúns agasallos para a familia. Ao chegar, vimos tendas por todas partes. Primeiro, entramos en Zara e alí mercamos tres camisetas iguais, para que cando remate esta viaxe, sempre que vaiamos ao armario e vexamos estas camisolas, acordémonos unhas doutras. Despois, tamén mercamos algúns recordos para a familia e algo incluso para os amigos. Aí xa paramos as compras porque case non nos quedaban cartos e a ver logo como faciamos para colle-lo taxi! Ben, o que conta é que ao final o diñeiro deunos e ás dúas en punto estabamos en Westminster xunto a tódolos demais rapaces.

Así pasaron os días aquí, voando, pois ninguén aínda se decatara de que isto pronto ía chegar ao seu remate. Todos nos percatamos disto cando o mestre, o último día da viaxe, dixo que nos ía levar ao museo máis importante de Londres como un pequeno agasallo. E así foi, o último día aquí, fomos visita-lo Museo Británico, onde puidemos observa-la gran colección das xoias da coroa británica, a cal para min foi unha moi boa despedida daquela marabillosa cidade.

O próximo día, erguinme moi cedo pois o meu avión saía ás oito da mañá. Ese día puxen a camiseta que mercara alí, igual que as miñas amigas, que pensaran igual ca min. O momento máis difícil para min, foi despedirme delas. Deume moita mágoa pensar en que non as ía poder volver ver. Pero, aínda así, quedamos en comunicarnos por carta e prometinlles que non as ía esquecer nunca, pois eran as miñas mellores amigas. Despois disto, entrei no avión e este pronto despegou camiño de Peinador. Cando cheguei ao meu destino, vin entre tanta xente aos meus pais, buscándome coma tolos. Rapidamente, corrín aos seus brazos e pedinlles perdón pola actitude na que me dirixira a eles nos últimos días que pasara en Galiza, e tamén lles dei mil grazas por anotarme nesas listas, pois se non fose por eles, este mes non pasaría unha das mellores etapas da miña vida.

Sara Pintos Otero (2ªD)

O Progreso que incomoda ás persoas

Todo o mundo di que o AVE vai ser o mellor medio de transporte. E ¿para que? Para que chegue tarde como en Barcelona ou para quitarlle as casas aos demais como en Galicia…

Non! O AVE incomoda as vidas das persoas co ruído das obras e quitándolle as fincas á xente, para logo devolvérllelas con terreos que non se poden cultivar.

¿Para que queremos o AVE se xa temos transportes públicos?

E o peor de todo é que co AVE e tanta infraestrutura gastarán todos os cartos e ¿para cando o AVE?



Rosalía (2ºC)

A AUTOVÍA

Eu, creo que non deberían de facer a autovía porque destrúen casas e fincas.

Ademais pasa polo monte e destrúe moitas árbores e tamén perxudica aos animais que viven no monte porque lles destruén o lugar onde viven;as casas onde vive a xente e por culpa da autovía teñen que mudarse a outro sitio;as fincas onde a xente cultiva ou ten animais.

As autovías son necesarias pero tiñan que facelas sen facer dano ás persoas e ao seu entorno.

Judit (2ºC)

A PRAIA DE CESANTES

A min gústame moito a praia. Dende que era pequeno sempre fun á praia de cesantes a bañarme e a xogar. Pero creo eu, que o acceso a esta, está en moi malas condicións.

A estrada é moi estreita, e resulta moi complicado o paso dos coches e das bicicletas, porque, hai tramos nos que só entra un coche e no verán fórmanse uns atascos terroríficos.

Agora estana arranxando, pero o verán está aí e segue moi mal.



Non entendo, como en toda a vida a estrada á praia nunca se arranxou.

A praia é moi bonita coa Illa de San Simón no medio da ría e é moi grande.

Creo que ademais de modificar a estrada deberíase arranxar a praia xa que está sempre moi sucia e a area necesita cambiarse.

Eu penso que en vez de gastar os cartos noutras cousas deberíanse gastar en traer area á praia e poñela en condicións, xa que é un dos lugares máis bonitos de Redondela.

Traería moito máis turismo, e iso, é beneficioso para todos os negocios da vila, e sobre todo, para os habitantes que merecemos unha praia en mellores condicións.

Daniel Viruleg (2º D)

"A obesidade"

Moita xente fala de que cada vez hai máis nenos con obesidade infantil, pero non toda a culpa é dos nenos.
Os médicos recomendan facer inha dieta sá e equilibrada, tomando froitas, verduras, e todo tipo de alimentos sás, pero o prezo deses alimentos elevouse tanto que á xente resúltalle máis barato mercar comida lixo, ou calquera outra trapallada, ademais na televisión, cada vez botan máis publicidade de hamburguesas, bollería, etc...

Se baixasen os prezos dos alimentos a xente podería mercar máis comida sá sen ter que andar a facer tantas contas antes de ir mercar.

Esta é a miña opinión e a de moitas persoas que pensan coma min.



Valeria (2ºC)

"AS INTALACIÓNS DO I.E.S. ILLA DE SAN SIMÓN"

Son un alumno do IES "Illa de San Simón" de Redondela e quero dar a miña opinión sobre as instalacións que ten este instituto.

En primeiro lugar quero falar das porterías dos campos de fútbol que non están fixas ao chan, o que pode causar alguna desgraza en calquera momento; xa non é a primeira vez que ocorren estes accidentes causando a morte ou lesións máis o menos graves a rapaces, e é entón cando nos lamentamos de non ter solucionado antes o problema.



Outro punto, aínda que non tan grave, é a falta de suficiente espazo cuberto para xogar cando chove, xa que só podemos estar no pavillón e alí non cabemos todos. Eu dende aquí propoño ampliar o pavillón ou, se isto non fose posible, polo menos que nos coloquen alugunha canastra ou portería (iso sí, ben suxeitas) no patio cuberto.

Estes dous puntos condidéroos imprescindibles para un mellor funcionamento do centro, aínda que o que en realidade me gustaría é que tivese máis instalacións deportivas.

David Peña Vázquez (2º D)

A PARTE NEGATIVA DO PLANETA: A CONTAMINACIÓN

Paréceme fatal que a xente sexa tan desconsiderada co medio ambiente. Botar lixo ao mar, ríos,… é un modo de contaminación, que fai que as especies que viven alí (peixes, arrecifes de coral…) desaparezan.
Aínda que non soamente se bota o lixo ao mar, tamén se bota na rúa. Penso que as papeleiras están para algo e non é moita molestia achegarse a elas e botar ese lixo.
Nas fábricas prodúcese tamén contaminación, porque expulsan residuos perxudiciais para a saúde, gases malos para a capa de ozono,…
O que hai que evitar é a contaminación por estas e outras moitas causas. O futuro está nas nosas mans, é un deber dos cidadáns/ás.

Salomé Iglesias (2º C)

A alimentación influenciada polos anuncios e os artigos

Despois de ler unha reportaxe dedicada á obesidade existente en Galicia por culpa da mala alimentación que hai hoxe en día, non me pareceu moi boa, xa que moita veces os mesmos xornais anuncian este tipo de alimentos perxudiciais para a nosa saúde.
A pesar diso, tamén hai artigos de comida sa, aínda que normalmente todos son de comida mala.
Vas pola rúa e ves un cartel dunhas hamburguesas que conteñan unha grande cantidade de calorías e graxas, encendes a televisión e o mesmo, en todas partes anuncian esta comida, a parte doutras moitas cousas.
Non me parece ben que despois de facer todo isto, nos digan que a maioría das persoas son obesas e que comen mal, cando é por culpa de todos estes anuncios e artigos, que nos incitan a comer tan mal, e moitas das veces, ben, a maioría delas, non nos advirten dos problemas que poden causarlles ao noso corpo, e do mal que lle fan a un mesmo.
Aínda que, iso si, mentir non menten, pero tampouco nos din toda a verdade, xa que os fan máis apetitosos do que o son algunhas veces, por iso os comemos como se nada, pero hai que ter un pouco máis de coidado e non comer todo o que vemos pola televisión e o que lemos nalgúns artigos.

María Míguez Lamas (2º D)

VISITA AO IFEVI

O pasado día 9 de abril os alumnos de 4º da ESO realizamos unha visita organizada ao IFEVI para asistir ao *Forum Orienta,* evento organizado pola Consellaría de Educación , e que tiña como finalidade a difusión da oferta de ensino superior en Galicia, tanto da Formación Profesional como Universitaria.



O motivo desta saída era que coñecesemos as distintas posibilidades educativas que temos, de acordo coas nosas preferencias, e as saídas laborais que teñen os distintos estudos; para iso visitamos as casetas de varias carreiras universitarias e de ciclos de formación profesional, onde nos proporcionaron información sobre os centros ou universidades nos que se imparten os estudos , tamén nos deron agasallos e publicidade.

Esta saída foi de gran axuda, sobre todo para comprobar, que só coa ESO a oferta redúcese moito, xa que só se pode acceder a ciclos formativos medios, polo que case é obrigatorio estudar o bacharelato, e entón xa poderemos elixir entre facer un ciclo medio, superior ou ir á universidade, o que máis nos interese.

Anxo Peña Vázquez – 4º ESO

ENTREVISTA A ANXO (profesor de matemáticas)

INSTITUTO

P: Boas ¿podemos facerche unha entrevista?
R: Si (sorrí)
P: ¿Que che parece este instituto?¿Gustaríache quedarte?
R: Gústame o instituto e teño que quedarme,o que pasa é que estou moi lonxe da casa, co cal intentarei achegarme canto se poida, loxicamente por cuestións da miña vida persoal.
P: ¿Sempre tiveches claro que querías ser profesor de matemáticas?
R: Sempre tiven moi, moi, moi, moi claro o que quería ser.
P: ¿Desde os dous anos?
R: Desde que entrei no instituto.
P: ¿Cres que es un profesor divertido?
R: ¿Que é un profesor divertido?
P: O que fai que as súas clases sexan divertidas.
R: Pois non sei, non son eu o que debo valorar iso, non é o meu obxectivo, pero se consigo obter a atención, pois me vale, aínda que sexa así.
P: ¿Cres que as matemáticas son difíciles?
R: ¿Ti cres que as matemáticas son difíciles?
P: Eu creo que si.
R: Eu, evidentemente, como profesor de matemáticas, teño que dicir que non.
P: ¿Con que profesores te levas mellor?
R: Cos compañeiros de departamento, pero aquí son moi "magetes" todos.

MÚSICA



P: ¿Por que e como empezaches na música?
R: Porque me gusta, non hai un porqué.
P: ¿E como?
R: De casualidade. Escoitáronme cantar pola rúa e fixéronme unha proba
P: ¿En serio?
R: Si, si, pola rúa cantaba e foi así...Fixéronme unha proba a ver que tal cantaba e a partir de aí empecei, aos 15 anos creo, pero xa cantaba de antes.
P: ¿Ti só?
R: Si, facía festivais e así...
P: ¿Gustaríache ser cantante famoso?
R: Non
P: ¿Por que?
R: Porque non. Gústame cantar e gústame divertirme nun escenario cantando, pero non me gustaría ser famoso. Para min a música é un "hobbie", pero bueno, se hai alguén interesado en contratarme...
P: ¿Como prefires cantar,en inglés ou en castelán?

R: Dáme igual, a min gústame cantar, son moi aberto de orellas.
P:¿Tedes algún CD gravado?
R: A nivel particular si
P: Pero non está á venda ¿non?
R: Non, loxicamente.
P: ¿Cantas cancións compuxeches?
R: Varias ¿Que máis da? Unhas boas, unhas malas, outras peores, cantas non sei.A letra en galego ou en castelán; en inglés non porque compoñer en inglés para min sería absurdo, xa que quero que se saiba en xeral o que quero dicir.Para min a letra é máis importante que a música, ás veces, polo menos "fifty-fifty".
P: ¿Tedes moitas fans ou "groupis"?
R: ¡Ai,si! (contento) Teño, teño, son ex-alumnos e ex-alumnas.
P: ¡Eu son fan, que o sepas!
R: E iso que non me viches
(risas)
P: ¿Fariadesnos unha actuación no instituto?
R: Por min si, eu canto cando faga falta, pero os demáis son máis difíciles de mover.
P: Ti fai o que poidas, que estamos todos ansiosos por veros, se non cántanos ti só.

PERSOAIS

P: ¿Un libro, unha película e unha canción?
R: (contento) Unha película, *Forrest Gump*, sen dúbida "Mi mamá siempre decía que la vida es como una caja de bombones..." encántame, fascíname esa película. Unha canción...(pensativo) aí posmo moi, moi complicado...*Maldito duende*, de Héroes del Silencio.Un libro...recoñezo que non son un gran lector, gustoume moito *El niño del pijama de rayas*, foi o último que lin.
P: ¿Tes algún modelo a seguir na vida?
R: Non
P: ¿Cales son os teus soños de futuro?
R: Seguir divertíndome no meu traballo, mentres me divirta no traballo me vale.
P: A parte do programa *Geogebra,* ¿cal cres que foi o invento máis importante da humanidade?
R: (rindo) ¡Que mala leche! Eu que sei...(dálle voltas) calquera cousa, é moi compricada esa resposta, a roda, por ser un dos primeiros, pero dá igual.



P: ¿Como te describes a ti mesmo?
R: Un ser extraño
P:¿Algunha vez fixeches unha broma que acabase mal?
R: Si, si, si, digamos que metín a pata sen querer facendo unha broma.
P: ¿Algunha vez te sentiches ridículo?¿Por que?
R: Non teño ningún tipo de sentido do ridículo, son extremadamente tímido, aínda que a xente pense o contrario, o que pasa é que non me sinto ridículo, fago calquera cousa, dáme igual.
P: Aquí remata a entrevista, grazas
R: De nada

3ºB (Carmela, Sara, María, Mercedes)

ENTREVISTA A MARTA

- **Cantos anos levas traballando aquí?**
- ***Fixo 5 anos en marzo.***
- **Gustache o teu traballo?**
- ***Non, con matices."Gústame tratar cos adolescentes, sobre todo cando observas o cambio dende que entran en 1º da ESO, de moi nenos, ata que saen en 4º convertidos en proxectos de futuras persoas.***
- **Cantos traballos exerciches?**
- ***Dende repartir publicidade nos buzóns ata dar clases de matemáticas e física-química nunha academia, por moi pouco diñeiro e sen unha estabilidade laboral e por iso marchei.***
- **A parte do teu actual traballo que profesión che gustaría exercer?**
- ***Ser veterinaria, encántanme os animais (ás veces máis que as persoas)***
- **Que cambios engadirías?**
- ***Un patio cuberto máis amplo.A entrada dos alumnos cunha cuberta que os protexese da choiva e un par de mascotas, un salón de actos e unha biblioteca máis surtida.***
- **Gustaríache ser profesora deste instituto?**
- ***Nunca me planteei opositar para mestra, creo que é unha carreira profesional que debería ser vocacional, non como única válida ao acadar unha licenciatura.Para ser profesora actualmente tes que querer moito aos nenos, ter moita man esquerda e ter unha gran capacidade para transmitir os coñecementos.***
- **Dos moitos profesores que marcharon deste instituto, a cal deles añoras máis?**
- ***A Antonio Reza e a Uxío(os dous de matemáticas) parécenme unhas persoas estupendas que valería a pena que todas as persoas os coñecesen un pouco máis alá da súa faceta como profesores de matemáticas.***
- **Que che pareceron os cambios da biblioteca?**
- ***Parecéronme moi ben, sobre todo que as aulas de diversificación estean xunto as aulas do resto dos grupos.A biblioteca quedou un pouco pequena , pero por desgraza é utilizada por poucos alumnos.***
- **Que opinas da cafetería?**
- ***A cafetería mellorou moito nestes últimos anos:o servicio é mellor, os produtos son mellores e sobre todo Verónica e Chuco son un encanto de persoas.***

- **Cres que neste instituto tamén tería que haber Bacharelato?**
- ***Eu creo que se perdería bastante o ambiente familiar que hai , polo menos se intenta que haxa. Incluíndo o Bacharelato os nenos que se incorporan á ESO dende 1º estarían toda a vida un pouco máis perdidos. Na miña opinión é que empeoraría todo.***





2ºC (Salomé, María, Vanesa)

Entrevista a Gene

Como este ano Gene vaise, fixémoslle unha entrevista:

- **Cantos anos leva traballando aquí?**
- ***Neste instituto levo 8 anos***
- **Cantos anos leva como profesor?**
- ***Levo 42 anos***
- **Sempre foi mestre de E.F?**
- ***Non,tamén fun mestre de idiomas: francés, inglés e lingua castelá,ademais fun mestre de nenos discapacitados.***
- **En cantos colexios deu vostede clase?**
- ***En 4: o colexio San Rafael en Vigo, no de Cesantes, no CEIP de Redondela e no IES Illa de San Simón.***
- **Quixo ser mestre dalgunha outra materia?**
- ***Non.***
- **Gustaríalle non ter que deixalo?**
- ***Gústame moito pero sei que teño que deixalo.***
- **De pequeno, que profesión quería exercer?**
- ***Mestre de Educación física.***
- **A que se vai dedicar de agora en diante?**
- ***Ao deporte, ao bricolaxe e por suposto aos netos***
- **Cal foi o recordo máis especial que leva de aquí? E o peor?**
- ***"O bo rollo" entre todos compañeiros.Ningún.***
- **Gene contounos un costume seu dos seus anos como mestre:** ***"Tomar o café ás doce e media"***
- **Para el, a diferenza entre os nenos de antes e os de agora é o respecto.**


ANÉCDOTAS

- **Un auténtico privilexio no mundo da docencia foi o que tivo Gene:** ***"Dei clase ao avó,ao pai e case ao fillo"***
- **Un ano ocorréuselle aprender a lanzar disco e o primeiro ao que lle deron foi a el.Gene sacou unha conclusión do que pasou:** ***"Entón non me animei co lanzamento de xavelina"***

E ao remate desta entrevista apenas unha bágoa nos ollos reprimida:
-"Gustaríame seguir pero sei que teño que deixalo"

2ºC (Salomé, María, Vanesa)

ENCRUCILLADO MATEMÁTICO



HORIZONTAIS

1.- Distancia dun punto ao centro da circunferencia (pl). Cincuenta.
2.- Aire. Números naturais. Un. Circunferencia.
3.- Sistema métrico. Exclamación.
4.- Nin isto, nin aquilo. Ao revés, o máis pequeno de todos.
5.- Ao revés, o contrario da suma. Home novo.
6.- Tipo de números (pl). O símbolo do anterior.
7.- Consoante. A primeira vogal. Ao revés, prefixo que significa tres. Seis.
8.- Cen. Ao revés, pertencente ao lado.
9.- Parte das potencias. Base do logaritmo neperiano. Certificado de calidade.
10.-Sinalar, mostrar. Obras públicas.


VERTICAIS

A.- Unidade para medir ángulos (pl). Prefixo que signica dous.
B.- Intersección de dúas caras dun poliedro. Animal doméstico.
C.- Cincocentos. Litoral. Abreviatura inglesa de estatística.
D.- Instituto nacional de industria. Nin ti, nin el. Norma xurídica.
E.- Nada. Perdía a vida. Cen.
F.- Signo da suma, ao revés. Malla, golpea.
G.- Número ao que podemos aproximar os valores dunha función. Consoante.
H.- Nota musical. Ti e máis eu. Eu non.
I.- Pode ser cadrada, cúbica... Utensilio para beber.
K.- Ao revés, suma de dous ou máis monomios.

RETOS MATEMÁTICOS


1.- TRIÁNGULOS *GARABULLÁTEROS*

Con seis garabullos da mesma lonxitude, como podes formar catro triángulos equiláteros sen romper os garabullos?



2.- A INVERSA DUN TRIÁNGULO

Temos un triángulo formado por 10 moedas. Cal é o número mínimo de moedas que hai que mudar de sitio para que o triángulo quede en posición inversa?



3.- VASOS CHEOS, VASOS BALEIROS

Observa a figura. Movendo un único vaso, tes que conseguir que os cheos e os baleiros estean alternados.



4.- O ENIGMA DE EINSTEIN

O seguinte problema foi escrito por **Einstein** no século pasado e afirmou que o 68% da poboación NON era quen de resolvelo. Atréveste?

1.- Temos 5 casas de cores diferentes.
2.- Hai 5 persoas de diferente nacionalidade, sendo, cada unha dona dunha casa distinta.
3.- Estas 5 persoas toman algunha bebida, fuman cigarros dunha marca e teñen mascota todas respectivamente diferentes.

PREMISAS

1.- O inglés vive na casa vermella.
2.- A mascota do sueco é un can.
3.- O danés bebe té.
4.- A casa verde é a inmediata da esquerda da casa branca.
5.- O dono da casa verde toma café.
6.- A persoa que fuma *Pall Mall* cría paxaros.
7.- O dono da casa amarela fuma *Dunhill*.
8.- O home que vive na casa do centro toma leite.
9.- O noruegués vive na primeira casa.
10.- A persoa que fuma *Blend* vive xunto á que ten gatos.
11.- O home que ten cabalos vive xunto ao que fuma *Dunhill*.
12.- A persoa que fuma *Blue Master* bebe cervexa.
13.- O alemán fuma *Prince*.
14.- O noruegués vive xunta á casa azul.
15.- O home que fuma *Blend* ten un veciño que bebe auga.

QUEN TEN PEIXES POR MASCOTAS?

O 18 DE ABRIL DE 2008 VOÓUNOS O TELLADO...

















2008